



OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2025

Persoal de servizos xerais

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. En relación co dereito a sindicarse libremente establecido no artigo 28 da Constitución Española, indique a opción correcta:

- A) É un principio reitor da política social e económica.
- B) A lei poderá limitar ou exceptuar o exercicio deste dereito aos funcionarios públicos.
- C) Os sindicatos non poderán formar confederacións nin fundar organizacións sindicais internacionais.
- D) A liberdade sindical comprende o dereito a fundar sindicatos e a afiliarse ao da súa elección.

2. Cal das seguintes non se corresponde cunha situación de servizo activo:

- A) Comisión de servizos.
- B) Permiso sen soldo.
- C) Servizos especiais.
- D) Incapacidade temporal.

3. Indique cal das seguintes afirmacións en relación coa provisión de prazas do persoal estatutario non é correcta, segundo o Decreto 206/2005, do 22 de xullo:

- A) Recoñécese como principio xeral na provisión a libre mobilidade e circulación do persoal no conxunto dos centros e servizos do organismo, así como no ámbito do Sistema Nacional de Saúde.
- B) Os procesos de selección, mobilidade e promoción interna que se convoquen abarcarán como mínimo, con carácter xeral, o ámbito de cobertura territorial dunha área sanitaria.
- C) A selección do persoal fixo efectuarase con carácter xeral polo procedemento de oposición.
- D) Cando as peculiaridades das tarefas específicas a desenvolver ou o nivel de cualificación requirida o aconsellen, a selección do persoal fixo poderá realizarse polo sistema de concurso.

4. Segundo o establecido no Decreto 206/2005 de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, os postos de xefatura de servizo das áreas de xestión e servizos, serán provistos mediante:

- A) Concurso de méritos.
- B) Libre designación.
- C) Concurso oposición.
- D) Avaliación colexiada.

5. O órgano científico técnico especializado da Administración Xeral do Estado que ten como misión a análise e estudo das condicións de seguridade e saúde no traballo, así como a promoción e apoio á mellora das mesmas denomínase:

- A) Comité de Seguridade e Saúde.
- B) Inspección de traballo e Seguridade Social.
- C) Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.
- D) Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.

6. Indique a resposta correcta en relación co Parlamento de Galicia, segundo o establecido no artigo 11 do Estatuto de Autonomía:

- A) Será elixido por un prazo de catro anos, de acordo cun sistema de representación maioritario.
- B) Está constituído por deputados elixidos por sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto.
- C) Os deputados estarán suxeitos a mandato imperativo.
- D) O número de deputados fixado por Lei do Parlamento é 85.

7. Sinale a opción incorrecta en relación coas competencias sanitarias recollidas na Lei Xeral de Sanidade:

- A) As comunidades autónomas exercerán as competencias asumidas nos seus Estatutos e as que o Estado lles transfira ou, no seu caso, lles delegue.
- B) A coordinación xeral sanitaria é competencia do Estado, sen prexuízo das competencias asumidas polas comunidades autónomas en materia de organización e xestión dos seus servizos de saúde.
- C) Corresponde ás entidades locais o rexistro xeral sanitario de alimentos e das industrias, establecementos ou instalacións que os producen.
- D) É competencia exclusiva do Estado a sanidade exterior e as relacións e acordos sanitarios internacionais.

8. Segundo a definición recollida no artigo 4 da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais considérase "risco laboral":

- A) Calquera máquina, aparato, instrumento ou instalación utilizada no traballo que poida producir un accidente.
- B) Calquera característica da actividade laboral con influencia relevante na saúde do traballador.
- C) As enfermidades, patoloxías ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo.
- D) A posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo.

9. Segundo a Lei de Saúde de Galicia a prestación ortoprotésica NON inclúe:

- A) As próteses cirúrxicas fixas e a súa oportuna renovación.
- B) As próteses ortopédicas permanentes ou temporais e a súa oportuna renovación.
- C) A rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable.
- D) Os vehículos para persoas con discapacidade cuxa invalidez así o aconselle.

10. En relación coas retribucións complementarias que se establecen no artigo 43 da Lei 55/2003 do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, sinale opción verdadeira:

- A) O complemento específico retribúe o nivel do posto desempeñado.
- B) As súas contías serán iguais para todos os servizos de saúde e determinaranse, cada ano, nas correspondentes leis de orzamentos.
- C) Diríxense a retribuír a función desempeñada, a categoría, a dedicación, a actividade, a produtividade e cumprimento de obxectivos e a avaliación do rendemento e dos resultados.
- D) O importe anual do complemento de destino aboarase en 12 pagas.

Preguntas de reserva

11. Indique a resposta correcta en relación coa Xunta de Galicia e o seu Presidente:

- A) A Xunta de Galicia responde politicamente ante o Parlamento de forma subsidiaria.
- B) O presidente da Xunta será nomeado polo Parlamento Galego.
- C) O presidente da Xunta non será politicamente responsable ante o Parlamento.
- D) A Xunta de Galicia poderá interpoñer recursos de inconstitucionalidade.

12. O procedemento para producir a inmediata posta a disposición xudicial de toda persoa detida ilegalmente denomínase:

- A) Interdición da arbitrariedade.
- B) Hábeas corpus.
- C) Dilixencias preliminares.
- D) Legalidade penal.

